

## ARTE

# Manolo Dimas e os lugares para o asueto espiritual

Esta exposición, 'Terappainting', instálase a modo de percorrido elicoidal unindo á vez o tempo deste artista viaxeiro ó do espectador e percíbese como unha auténtica terapia

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

Introducirse na galería C5 Colección (recentemente inaugurada no núcleo histórico compostelán) é iniciar unha viaxe nun tempo arquitectónico que conxuga tradición, na fachada do inmoble, co máis puro deseño no seu interior. Galería entendida a modo de vivenda medra en altura como gaña en intimidade ó avanzar polas respectivas estancias. Tres pisos dedicados neste momento a mostrar a pintura máis recente dun autor herdeiro do fauvismo.

A exposición dedicada ó venezolano Manolo Dimas (Caracas, 1959) instálase a modo de percorrido elicoidal unindo á vez o tempo deste artista viaxeiro ó do espectador. Dimas exerce como profesor titular da Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Despois de longa traxectoria artística, iniciada a finais dos anos 80, e unha actividade expositiva centrada sobre todo en Madrid, coa galería Moriarty, participou e está representado en feiras internacionais e en destacados museos.

Esta, a súa última produción, preséntase baixo o título *Terappainting*, prolongarase ata finais de xullo no que se percibe como unha auténtica terapia do que supón o pracer da técnica pictórica.

O percorrido argumental organízase a modo de secuencias arrincadas á paisaxe exterior ou pechadas a interiores máis reservados. Escenas cargadas de sensibilidade contan encontros vívidos polo propio artista. Unhas historias nas que se dá cabida ó humor e á retranca sempre desde un optimismo pictórico que proclama a "alegría de vivir" matissiana.

A soidade dunha palmeira convértese en algo especial que seduce ó artista, similar ó que lle sucedeu a Matisse ó lembrar o



Manolo Dimas diante dalgúns dos cadros que expón na galería C5 Colección de Santiago

oasis de Biskra. O conversar ocasionalmente con personaxes singulares de aspecto estraño conduce ó "marciano", pintura de corte un tanto pop. A contemplación de fenómenos cósmicos como o paso do "cometa" rememora as pastorais arcádicas. Con frecuencia irrompe na superficie pictórica algún personaxiño discolo, escapado do mundo do cómic, como por exemplo, "o mosquito", empeñado en darlle a lata á moza adolescente que, un tanto escéptica, toma un refresco. Ás veces é un encadre familiar con vistas ó Guadarrama, unha ventá aberta ó azul mediterráneo ou a beleza dunha cerdeira en pleno val do Jerte. A influencia da escola de vallecás faise notar.

Deses encontros aflora no artista o misterio de todo o visible. Como opinaba Óscar Wilde, o

segredo do mundo atópase no contorno, non no invisible. Sendo moi patente a devoción por Matisse, diversas escrituras plásticas interesaron a Manolo Dimas. As caligrafías orientais achegan ó seu repertorio uns signos vitalizadores de movementos rítmicos sucedéndose no espazo.

Os tesouros dun cadro agachan máis sorpresas canto mellor é o artista. Dimas pode facer coincidir dúas estacións opostas cun resultado harmonioso; é o caso de "desnudo navideño". Nos seus cadros humanízanse os animalíños. Pugnán nun xogo de arcos contrapostos o peixe un tanto caligráfico co torso do "pescador". A lembranza do cadro de Sérusier *Tobías y el Ángel* substitúe o que naquel era unha figura ameniñada por un torso de canon grecolatino. Ani-

maliños roubados ás viñetas cargan de humor determinados lenzos ou ambientan escenas como antes o fixeron os frescos de Lucas Jordan, o artista tan admirado por Dimas nas súas visitas ó Escorial.

Aquí como alí poden darse cita animais tan exóticos como avestruces ou elefantes. Outras veces son animais domésticos, como o burro ou o can, arrincados ó soño os que complementan moitas escenas deste artista, continuador da tradición decorativa iniciada a partir do fauvismo. Unha tardición tamén enforcada na cultura do asueto, que se regodea no puro pracer do reposo contemplativo con maldición bíblica do traballo polo loado pracer da contemplación do lugar ou recuncho no que o artista se atope ou motive a súa inspiración.

## CINE

## Jack Nicholson metido a terapeuta dun executivo

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO

### EJECUTIVO AGRESIVO

Director: Peter Segal  
Intérpretes: Adam Sandler, Jack Nicholson, Marisa Tomei, Luis Guzmán

Jack Nicholson, un dos máis grandes actores do cine americano, dos que mellor encarnou a tolería nas pantallas, dos máis histriónicos e magníficos, por arte dunha comedia menor, *Ejecutivo agresivo*, convértese en terapeuta para atacar o mal da ira nun acomplegado executivo. Unha restrita de casualidades negativas, a cada cal máis grave, conducen ó pobre dun executivo tímido, acomplegado e tal vez con ira calada, da que se mete cara a dentro, a unha situación límite: ou acepta a sentenza de cadea ou se somete a un tratamento psicolóxico para aprender a controla-la ira. Diante de tal elección, tratamento. E aquí é onde aparece o terapeuta Nicholson: tolo, esaxerado, provocador, sorprendente, sádico, intelixente, pícaro, desconcertante, e con el un encadeamento de escenas que, de ser menos politicamente correctas, máis atrevidas, irónicas e corrosivas, poderían achegarlle gracia e viveza ó filme. Tal e como vai evolucionando, decepciona.

Certo que no inicio resulta áxil e preciso o director Segal presentándonos a personalidade do neno-adolescente que acabará sendo o acomplegado e sufridor executivo, que a sucesión de desgracias concentradas parece acurrallarnos cara a un riso sen escapatoria, e que Sandler, produtor e protagonista do filme, está á altura de Nicholson e non defrauda dándolle réplica, pero a esaxeración, irreverencia, crítica e repaso pola vía do humor que se podería extraer desta mina que vén sendo o sistema de programas de apoio, reeducación e terapia concertada entre xuíces e profesionais da psique en EEUU, vaixe diluíndo ata quedar en nada: nunha prédica tenrurista, sensibleira, empachosa na que ata o alcalde Giuliani acaba intervindo para que todo remate ó máis puro estilo americano, é dicir, nun campo de fútbol ateigado de voces que aplauden e corean a valentía e os bos sentimentos do heroe. E así, a película acaba escorrendo cara a unha lección simple e convencional de cómo vence-la timidez e a ira por métodos máis que dubiosos. E o peor: reaffirmame no convencemento de que o grande actor que é Jack Nicholson, outra vez o mesmo, idéntico aínda que agora sexa terapeuta, xa merecía cambiar algo de póla para escoller un tipo de personaxe radicalmente diferente. Do contrario, acabará fartando.